

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

CURSO: 4º ESO

MATERIA: VALORES ÉTICOS

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

DATA: 09/09/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias

a) Competencias clave do currículo:

Comunicación Lingüística (CCL)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Competencia dixital (CD)

Conciencia e expresións culturais (CEC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Competencias clave fundamentais na materia

CCL; CAA; CSC; CD; CEC; SIEP

b) Relación de criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe:

A continuación ofrécese unha síntese da relación entre criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe presente no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Criterio	Estándar/es
B1.1.	VEB1.1.1.
B1.2.	VEB1.2.1. – VEB1.2.2.
B1.3.	VEB1.3.1. – VEB1.3.2.
B2.1.	VEB2.1.1. – VEB2.1.2.
B3.1.	VEB3.1.1. – VEB3.1.2.
B3.4.	VEB3.4.1. – VEB3.4.2.
B5.1.	VEB5.1.1.
B.3.3.	VEB6.3.1. – VEB6.3.2.

2. Avaliación e cualificación

a) Procedementos:

- Avaliación inicial: Xa levada a cabo, permitíu orientar a labor docente partindo do nivel de desenvolvemento das competencias por parte do alumnado no inicio do curso.
- Avaliación continua: ao longo dos dous primeiros trimestres realizáronse unha serie de probas e tarefas que serven de referencia prioritaria para a cualificación final, sen perxuízo do traballo realizado no terceiro trimestre, que tamén terá o seu peso na nota final.
- Avaliación final: o alumnado que non supere a avaliación continua realizará unha proba escrita na que poderá superar os descritores non superados.
- Avaliación extraordinaria: se fose preciso, o alumnado terá unha nova oportunidade para superar a materia tras a avaliación final.

b) Instrumentos de avaliación e procedemento para obter a cualificación final :

O instrumento de avaliación que se empregará no tempo de confinamento será **un traballo de escrito de síntese e comentario filosófico** que se indicou ao alumnado durante o período de confinamento co fin de desenvolver as competencias sinaladas con anterioridade. A situación actual fai que o terceiro trimestre se pense como un trimestre de recuperación ou que permita subir nota. Polo tanto, danse dúas circunstancias:

1º) O traballo **suma un punto** para aquel alumnado que xa teña superadas as dúas primeiras avaliacións, sendo a súa cualificación obtida previamente como resultado da **media aritmética das dúas primeiras avaliacións**.

2º) O traballo serve para a superación daqueles descritores non superados con antelación nas primeiras avaliacións, permitindo, polo tanto, a **recuperación** das mesmas.

C. Proba extraordinaria e alumnado coa materia pendente:

Quen debe ir á avaliación final?

Todo o alumnado que teña algunha avaliación non superada.

En que consistirá a proba?

Será unha proba escrita na que se diferenciarán os contidos de cada avaliación non superada.

Que estándares se van avaliar?

Se preguntará polos estándares de aprendizaxe de cada avaliación, de tal modo **que cada quen se examine exclusivamente dos que correspondan a/as avaliación/s non superadas.**

Na avaliación de pendentos se terán en conta os mesmos criterios, avaliándose aqueles estándares que non foran superados previamente. No caso **do insutramento de avaliación** haberá que continuar coa metodoloxía previa ao confinamento, a cal consiste na realización duns comentarios de texto que se entregarán con periodicidade ao docente, pero agora deberá facerse vía e-mail.

Hai que ter en conta que se xa **se superaron as dúas primeiras avaliacións o alumno estaría matematicamente aprobado**, como é ben sabido. Pero, de querer subir nota, deberase continuar co traballo levado ata este momento do mesmo xeito.

Como se elabora a cualificación final?

Se elabora atendendo aos estándares con maior peso na programación e se pondera en función da dificultade que poidan presentar.

1. Metodoloxía, actividades e recursos.

A metodoloxía empregada neste trimestre debe axustarse á docencia telemática, polo que se fará uso **do mail** do docente, do cal dispón o alumnado desde o inicio, será unha ferramenta tamén dispoñible para facilitar a comunicación co alumnado ou para facer entrega das tarefas. Se fose preciso, tamén se recurriría ao teléfono móvil ou fixo co fin de solventar posibles contixencias.

2. Información e publicidade

Toda a información relativa á materia poderá consultarse nas seguintes webs do IES de Ribadeo:

- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/?q=taxonomy/term/48>
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/>